



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE O CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL, A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA, O MINISTERIO FISCAL, O COLEXIO DE AVOGADOS DE SANTIAGO E MAIS A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A TRAVÉS DO CENTRO INTEGRAL DE ANÁLISE E RESOLUCIÓN DE CONFLITOS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (CIARCUS), PARA A POSTA EN MARCHA DUN PROGRAMA EXPERIMENTAL DE MEDIACIÓN NO ÁMBITO PENAL EN SANTIAGO DE COMPOSTELA EN 2016

Esta consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de impulso, implantación e desenvolvemento de programas e actuacións de desxudicialización de conflitos e de promoción da mediación, especialmente no ámbito de menores e familia, tal e como establece o Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos a mediación penal consistente na participación voluntaria do imputado por un delito ou falta e mais da vítima –ou persoa prexudicada– nun proceso de diálogo e comunicación conducido por un mediador imparcial, co obxecto fundamental de conseguir a reparación adecuada ao dano causado e a solución do conflito, dende una perspectiva xusta e equilibrada para os intereses das partes. A mediación no ámbito do proceso penal é unha realidade e unha necesidade na sociedade en que vivimos, e ante situacións de grave quebrantamento das normas de convivencia presenta indubidables singularidades que complementan eficazmente o propio sistema penal, proporcionando instrumentos de control e reacción ante o fenómeno criminal.

Antecedentes: No desenvolvemento da competencia referida anteriormente, no ano 2009, empezouse cun proxecto piloto de mediación intraxudicial no ámbito de familia no partido xudicial de Santiago, que logo se foi estendendo a outros partidos xudiciais (Ourense, Vigo, Pontevedra, Lugo e Coruña).





Continuando co impulso da mediación intraxudicial, estendeuse o seu ámbito de actuación a mediación civil e mercantil a través de dous proxectos co Consello de Cámaras de Comercio e o Consello Galego de Procuradores, e a mediación no ámbito penal en Santiago de Compostela a través do CIARCUS da Universidade de Santiago. No ano 2016 estes proxectos terán continuidade y se procederá a estender a mediación familiar ao partido xudicial de Ferrol e a penal ao partido xudicial da Coruña.

Finalidade: Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Consello Xeral do Poder Xudicial, o Ministerio Fiscal, o Colexio de Avogados de Santiago de Compostela e mais a Universidade de Santiago de Compostela, a través do Centro Integral de Análise e Resolución de Conflitos da USC (CIARCUS) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o cumprimento, polas partes, das obrigas asumidas. En ningún caso excederá do 30 de decembro de 2016.

O convenio ten por obxecto é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o CXPX, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o Ministerio Fiscal, o Colexio de Abogados de Santiago e mais Universidade de Santiago de Compostela a través do CIARCUS para poñer en marcha un programa experimental de mediación no ámbito penal en Santiago de Compostela. Este proxecto experimental de implementación da mediación intraxudicial nos xulgados de instrución e do penal de Santiago de Compostela persegue o seguinte:

- Intervir en conflitos xudiciais a través da mediación penal e da xustiza restaurativa como instrumento de resolución pacífica dos mesmos.
- Xerar un espazo para a comunicación entre os cidadáns, pois coa mediación penal poden abordarse as controversias que en ocasións subxacen aos feitos delituosos.
- Posibilitar que a vítima se sinta protagonista tanto do propio procedemento penal





coma do xeito de o resolver.

- Darlle unha resposta reparadora e reintegradora á situación que se creou como consecuencia do feito delituoso.
- Establecer mecanismos de colaboración cos operadores xurídicos, nomeadamente coa Fiscalía e mais cos xulgados.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

O fundamento da mediación penal devén dunha nobre utilización do Código penal con fins de política criminal restaurativa: Toma en consideración as causas reais do conflito e as súas consecuencias; responsabiliza o infractor acerca das consecuencias do seu ilícito, ao tempo que diminúe a reprobabilidade penal (atenuante) e lle procura medios para a normalización da súa vida; asegura unha efectiva protección da vítima mediante a reparación ou diminución do dano causado polo delito, de modo que, se non existe vítima, a reparación pode ter un carácter simbólico ante a comunidade social ou organismo que a represente; restablece a vixencia da norma e o diálogo comunitario, reconstruíndo a paz social quebrada polo delito ou falta e minimizando o rigor do sistema penal.

Financiamento:

O investimento máximo a que se refire o presente convenio fíxase en DEZAOITO MIL EUROS (18.000,00 euros) para o ano 2016, con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes:

- 9.000,00 € con cargo á aplicación 05.22.131A.444.0, para o aboamento á USC.
- 9.000,00 € con cargo á aplicación 05.22.131A.481.0, para o aboamento ao Colexio de Avogados de Santiago de Compostela.

As cantidades anteriores seranlle transferidas ao Colexio de Avogados de Santiago e á Universidade de Santiago de Compostela trala presentación da seguinte documentación xustificativa:

- Certificación da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e mais do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención, de acordo co establecido no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





- Declaración do conxunto de axudas solicitadas –tanto das aprobadas ou concedidas coma das pendentes de resolución– para o mesmo proxecto ás administracións públicas competentes ou ás súas entidades vinculadas ou dependentes, así como aos entes privados.
- Declaración responsable de se achar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, así como de non ter ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- Informe detallado onde se recollan todas as mediacións realizadas, especificando o órgano xudicial, o procedemento, o nome do mediador ou mediadores que interviñeron na mediación, os beneficiarios e o número de horas de traballo que se xustifican (ata un máximo de 6 horas por mediación).

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2016

